



| Guía Docente          |   |                    |   |          |
|-----------------------|---|--------------------|---|----------|
| Datos Identificativos |   |                    |   | 2016/17  |
| Asignatura (*)        | Análise de Estados Financeiros  | Código             | 650G01031   |          |
| Titulación            | Grao en Ciencias Empresariais   |                    |   |          |
| Descritores           |   |                    |   |          |
| Ciclo                 | Período   | Curso              | Tipo  | Créditos |
| Grao                  | 1º cuatrimestre   | Cuarto             | Obrigatoria   | 6        |
| Idioma                | Castelán  |                    |   |          |
| Modalidade docente    | Presencial  |                    |   |          |
| Prerrequisitos        |   |                    |   |          |
| Departamento          | Economía Aplicada 2Economía Financeira e Contabilidade  |                    |   |          |
| Coordinación          | Ruiz Lamas, Fernando  | Correo electrónico | fernando.ruiz@udc.es  |          |
| Profesorado           | Abeal Vazquez, Jose Pablo<br>González García, Isaías<br>Ruiz Lamas, Fernando  | Correo electrónico | j.abeal@udc.es<br>isaias.gonzalezg@udc.es<br>fernando.ruiz@udc.es |          |
| Web                   | <a href="http://fv.udc.es/12Ciclo/entrada.asp?pAsignatura=&amp;&amp;&amp;&amp;pAmbito=0&amp;&amp;&amp;am">http://fv.udc.es/12Ciclo/entrada.asp?pAsignatura=&amp;&amp;&amp;&amp;pAmbito=0&amp;&amp;&amp;am</a>   |                    |   |          |
| Descrición xeral      | A materia persigue aprender a ler e interpretar as contas anuais de una empresa ou grupo de empresas desde un punto de vista práctico, partindo para elo dos modelos que presentan as empresas españolas, adaptando á información dispoñible as diferentes técnicas desenroladas no campo da análise de balances. |                    |   |          |

| Competencias / Resultados do título |  |
|-------------------------------------|--|
| Código                              | Competencias / Resultados do título  |
| A1                                  | CE1 - Aprender a aprender, por exemplo, cómo, cándo, ónde novos desenvolvementos persoais son necesarios.  |
| A2                                  | CE2 - Auditar unha organización e deseñar planes de consulta (por exemplo lexislación impositiva, inversións, estudo de casos, proxecto de traballo).  |
| A3                                  | CE3 - Comprender detalles do funcionamento empresarial, tamaño de empresas, rexións xeográficas, sectores empresariais, vinculación con coñecemento e teorías básicas.   |
| A7                                  | CE7 - Comprender os principios da lei e vincularlos co coñecemento de negocios e xestión.  |
| A9                                  | CE9 - Comprender os principio éticos, identificar as implicacións para as organizacións empresariais, deseño de escenarios.  |
| A10                                 | CE10 - Comprender e utilizar sistemas contables e financeiros.   |
| A12                                 | CE12 - Definir obxectivos, estratexias e políticas comerciais.   |
| A14                                 | CE14 - Xestionar as operacións da empresa.   |
| A23                                 | CE23 - Uso de instrumentos para a análise de entornos empresariais.  |
| B1                                  | CB1 - Que os estudantes demostrasen posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeneral, e se adoita encontrar a un nivel que, se ben se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.                                    |
| B2                                  | CB2 - Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.  |
| B3                                  | CB3 - Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.   |
| B4                                  | CB4 - Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado.   |
| B5                                  | CB5 - Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.   |
| B6                                  | CG1 - Que os estudantes formados sexan profesionais versátiles, capacitados tanto de iniciar o seu propio negocio como de desempeñar labores de deseño, planificación, organización, xestión, asesoramento e avaliación nas áreas e departamentos contables, financeiros e fiscais de organizacións empresariais, con especial referencia ás pequenas e medianas empresas. |



|     |  |
|-----|--|
| B7  | CG2 - Que os estudantes posúan unha elevada capacitación metodolóxica de xestión e tratamento da información que lles proporcione vantaxes competitivas, non só no seu labor profesional, senón nunha sociedade global en permanente transformación. Para iso, o Grao debe estar dotado dun axeitado nivel de interdisciplinabilidade, transversalidade e integración nas súas materias.   |
| B8  | CG3 - Que os estudantes presten especial atención aos cambios que, tanto en conceptos, coma en metodoloxía ou en aplicacións, implican no mundo empresarial as novas tecnoloxías da información e as comunicacións. Así mesmo deben poder obter e actualizar os coñecementos específicos que teñan como base a aparición de novas leis e regulamentos que afecten ao mundo fiscal, financeiro ou contable.   |
| B9  | CG4 - Que os estudantes integren a aprendizaxe na súa vida e no seu labor profesional, a través da metodoloxía de ensino que lles achega o Grao, o cal lles proporciona unha formación básica xeral que servirá como puntal para a formación continua ao longo da vida.  |
| B10 | CG5 - Que os estudantes teñan unha perspectiva integral e destreza no manexo dos conceptos, técnicas e ferramentas empregados en cada unha das diferentes áreas funcionais, con especial referencia ás contables, financeiras e fiscais da empresa; así como entender as relacións que existen entre elas e cos obxectivos xerais da organización. Todo iso tendo en conta os principios de sustentabilidade e responsabilidade social das mesmas. |
| B11 | CG6 - Que os estudantes saiban identificar e anticipar oportunidades, asignar recursos, organizar a información, realizar asesoramento fiscal e contable, control orzamentario, xestión de tesouraría, auditorías de contas e temas concursais (suspensións de pagamentos e quebras), tomar decisións en condicións de incerteza e avaliar resultados.   |
| B12 | CG7 - Que os estudantes sexan capaces de liderar proxectos nas áreas de valoración da empresa, de dirección estratéxica e financeira; deben poder entender a información contable das empresas co fin de obter conclusións e realizar predicións tanto sobre rendementos coma sobre riscos futuros.  |
| B13 | CG8 - Que os estudantes identifiquen os requisitos legais da información financeira aos que a empresa debe enfrontarse.  |
| B14 | CG9 - Que os estudantes manifesten respecto aos dereitos fundamentais e de igualdade entre homes e mulleres, o respecto e a promoción dos Dereitos Humanos e os principios de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade.   |
| C1  | CT1 - Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.   |
| C2  | CT2 - Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.  |
| C3  | CT3 - Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.  |
| C4  | CT4 - Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.   |
| C5  | CT5 - Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.   |
| C6  | CT6 - Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.  |
| C7  | CT7 - Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.   |
| C8  | CT8 - Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.  |

## Resultados da aprendizaxe

| Resultados de aprendizaxe   | Competencias / Resultados do título |  |  |
|---|-------------------------------------|--|--|
| Aprender a elaborar e interpretar a información financeira pública das empresas españolas | A1                                  |  |  |
|   | A2                                  |  |  |
|   | A3                                  |  |  |
|   | A7                                  |  |  |
|   | A9                                  |  |  |
|   | A10                                 |  |  |
|   | A12                                 |  |  |
|   | A14                                 |  |  |
|   | A23                                 |  |  |



|  |  |   |  |
|--|--|---|--|
| Aprehensión das competencias nucleares da titulación |  |   | C1<br>C2<br>C3<br>C4<br>C5<br>C6<br>C7<br>C8 |
| Competencias do título: Básicas / Xerais             |  | B1<br>B2<br>B3<br>B4<br>B5<br>B6<br>B7<br>B8<br>B9<br>B10<br>B11<br>B12<br>B13<br>B14 |  |

| Contidos  |   |
|---|---|
| Temas   | Subtemas  |
| TEMA 1: PGC. CONTAS ANUAIS: BALANCE E CONTA DE PÉRDAS E GANANCIAS | <ol style="list-style-type: none"> <li>Os Estados Financeiros no Plan Xeneral de Contabilidade Español (PGC).</li> <li>Os Estados Financeiros no Marco do IASB (NIC 1)</li> <li>Modelos oficiais de balance e conta de pérdas e ganancias no PGC.</li> <li>Modelos oficiais de balance e conta de pérdas e ganancias no el PGC de PYMES.</li> </ol>                                     |
| TEMA 2: PGC. CONTAS ANUAIS. NORMAS DE ELABORACIÓN                 | <ol style="list-style-type: none"> <li>Normativa recollida no Código de Comercio</li> <li>Normativa recollida na Ley de Sociedades de Capital e no Reglamento del Registro Mercantil</li> <li>PGC. Parte III.</li> </ol>  |
| TEMA 3: PGC. CONTAS ANUAIS: ESTADO DE CAMBIOS NO PATRIMONIO NETO  | <ol style="list-style-type: none"> <li>Estado de ingresos e gastos recoñecidos.</li> <li>Estado total de cambios no patrimonio neto.</li> <li>O estado de cambios no patrimonio neto do PGC de PYMES.</li> </ol>  |
| TEMA 4. PGC. NOTAS DA MEMORIA                                     | <ol style="list-style-type: none"> <li>Relación de notas da memoria normal.</li> <li>Relación de notas da memoria abreviada.</li> <li>Relación de notas da memoria do PGC de PYMES.</li> <li>Nota de situación fiscal.</li> <li>Nota sobre morosidad.</li> </ol>  |
| TEMA 5: O ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO                            | <ol style="list-style-type: none"> <li>Concepto de fluxo e fondo. Fondo financeiro</li> <li>Os estados de fluxos financeiros: Concepto, evolución histórica e utilidade</li> <li>Concepto de EFECTIVO e medios líquidos equivalentes</li> <li>O estado de fluxos de efectivo: Definición, características e estrutura.</li> <li>Elaboración do estado de fluxos de efectivo.</li> </ol> |



|   |  |
|---|--|
| TEMA 6: INTRODUCCIÓN Á ANÁLISE DE BALANCES.<br>ANÁLISIS PATRIMONIAL | <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Finalidade e enfoques</li> <li>2. Importancia e limitacións da información contable</li> <li>3. Clasificación e ordenación do balance para a análise</li> <li>4. Conta de resultados analítica</li> <li>5. Técnicas e instrumentos para a análise</li> <li>6. Ciclo de explotación e ciclo de capital.</li> <li>7. Período medio de maduración.</li> <li>8. O capital corrente.</li> <li>8. Financiamento permanente.</li> </ol> |
| TEMA 7: ANÁLISE ECONÓMICA   | <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Análise da composición e evolución da conta de resultados</li> <li>2. Rendibilidade económica.</li> <li>3. Rendibilidade económica da explotación</li> <li>4. Análise do marxe</li> <li>5. Análise da rotación</li> <li>4. Análise do valor engadido</li> </ol>  |
| TEMA 8: ANÁLISE FINANCEIRA  | <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Análise estática dá solvencia</li> <li>2. Análise dinámica dá solvencia</li> <li>3. O apalancamento financeiro</li> <li>4. A rendibilidade dous capitais propios</li> </ol>  |

| Planificación          |   |   |                         |              |
|------------------------|---|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas  | Competencias / Resultados   | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Sesión maxistral       | A2 A3 A7 A9 A10 A12<br>A14 A23 B1 B2 B3 B4<br>B5 B6 B7 B8 B9 B10<br>B11 B12 B13 B14 C4<br>C5 C6 C7 C8 | 17                                      | 34                      | 51           |
| Solución de problemas  | A1 A2 A10 A14 A23<br>C1 C2 C3 C6  | 25                                      | 50                      | 75           |
| Proba mixta            | A2 A10 A11 A13 A14<br>A23 A24 C1 C2   | 3                                       | 9                       | 12           |
| Presentación oral      | A2 A10 A11 A13 A14<br>A19 A24 C1 C2   | 2                                       | 6                       | 8            |
| Atención personalizada |   | 4                                       | 0                       | 4            |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías          |  |
|-----------------------|--|
| Metodoloxías          | Descrición   |
| Sesión maxistral      | Exposición resumida dos temas do programa con apoio de casos prácticos.                      |
| Solución de problemas | Resolución de casos prácticos, tanto na aula como fora dela, tanto individual como en grupo. |
| Proba mixta           | Examen teórico-práctico.   |
| Presentación oral     | Presentación oral de solucións de casos prácticos. Pode ser tanto individual como en grupo.  |

| Atención personalizada |            |
|------------------------|------------|
| Metodoloxías           | Descrición |



|                   |  |
|-------------------|--|
| Presentación oral | <p>Tutorización para a resolución de problemas en tutorías de pequeno grupo.</p> <p>Para o alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, acordarase ao inicio do curso un calendario específico de tutorías compatible coa súa dedicación, motivo polo cal dito alumnado deberá poñerse en contacto co profesor nos primeiros dez días do cuadrimestre en que a materia se imparte, coa finalidade de fixar o devandito calendario.</p> |
|-------------------|--|

| Avaliación            |   |   |               |
|-----------------------|---|---|---------------|
| Metodoloxías          | Competencias / Resultados   | Descrición  | Cualificación |
| Proba mixta           | A2 A10 A11 A13 A14<br>A23 A24 C1 C2   | Exame teórico-practico.                             | 60            |
| Solución de problemas | A1 A2 A10 A14 A23<br>C1 C2 C3 C6  | Casos prácticos                                     | 20            |
| Sesión maxistral      | A2 A3 A7 A9 A10 A12<br>A14 A23 B1 B2 B3 B4<br>B5 B6 B7 B8 B9 B10<br>B11 B12 B13 B14 C4<br>C5 C6 C7 C8 | Se puntuará la asistencia y participación en clase. | 20            |
| Outros                |   |   |               |

Observacións avaliación



Os cuestionarios de exame se redactarán inicialmente en castelán. Os alumnos que desexen un enunciado en galego deberán solicitalo con unha antelación mínima de 15 días.

Condições de realización das probas mixtas:

Está prohibido acceder a aula do exame con calquera dispositivo que permita a comunicación co exterior, ou almacenamento de información. As faltas de disciplina implicarán que o alumno deberá realizar oralmente as probas de avaliación.

Os casos prácticos deberán ser entregados ao longo do curso, dentro dos prazos marcados polo profesor.

Cualificación de non presentado. Corresponde ao alumnado, cando solo participe de actividades de avaliación que teñan unha ponderación non superior ao 20% sobre a cualificación final, con independencia da cualificación obtida.

Probas mixtas

A primeira proba (exame) avaliará os temas 1 a 5, e se realizará inmediatamente despois de completar eses temas (outubro ou novembro). A puntuación máxima será de 3 puntos. A segunda proba se corresponde co exame final, no que se avaliará toda a materia. A puntuación máxima será de 6 puntos. Os alumnos que aprobaran a primeira das probas obxectivas (un mínimo de 1,5 puntos sobre o máximo de 3 puntos) non estarán obrigados a examinarse dos temas xa superados. Así, se un alumno aprobou a primeira proba obxectiva, solo terá que examinarse obrigatoriamente dos temas 6 a 8 no exame de xaneiro.

Na primeira oportunidade (xaneiro), os alumnos que non superaron o primeiro exame dos temas 1 a 5 so serán avaliados pola cualificación obtida no exame final. Na segunda oportunidade (xullo), os alumnos que non superaron o primeiro exame dos temas 1 a 5 serán avaliados pola maior das puntuacións acadadas nos exames da primeira e da segunda oportunidade.

Os alumnos que superaron o primeiro exame dos temas 1 a 5 serán avaliados na primeira oportunidade pola maior das puntuacións acadadas nese exame, de presentarse na convocatoria oficial para subila nota acadada no primeiro exame. Estes alumnos, no seu caso, na segunda oportunidade (xullo) serán avaliados no exame dos temas 1 a 5 pola maior das 2 ou 3 notas acadadas ao longo do curso (novembro, xaneiro e xullo).

No que respecta aos temas 6 a 8, valorase en un máximo de 3 puntos. Para aprobar a materia, requírese acadar nesta parte un mínimo de 1,2 puntos. Para a segunda oportunidade, tomarase a mellor das dúas notas dos temas 6 a 8, sempre que se supere a nota mínima de 1,2 puntos. De non superar a materia por esta causa, a cualificación en actas non recollerá as puntuacións das probas mixtas.

Os alumnos que na primeira oportunidade (xaneiro) superen soamente un dos dous exames, terán que examinarse en xullo soamente da parte non superada.

Solución de problemas e sesións maxistrais

A maiores, poderán sumarse ata 2 puntos pola realización e/o presentación oral de prácticas individuais ou en grupo. Ao efecto, se deberán realizar e entregar no prazo establecido os cuestionarios propostos polo profesor. Entregados os cuestionarios, se realizarán dous exames, que poderán ser orais ou escritos, sobre o temario correspondente ao seu contido. O primeiro exame referirase aos temas 1 a 5. Acadarase una puntuación máxima de 1 punto, sempre que as prácticas correspondentes a esa parte tiñan sido cualificadas como Apto. O segundo exame referirase aos temas seguintes. Acadarase unha puntuación máxima de 1 punto, sempre que as prácticas correspondentes a esa parte tiñan sido cualificadas como Apto.

A cualificación das sesións maxistrais (20% de la cualificación) esixirá unha asistencia mínima a clase do 70%.

A avaliación en xullo aplica as mesmas normas, salvo que entren en contradición coa normativa xeral da UDC ou da Facultade de Economía e Empresa. Porem, os alumnos que suspendan na 1ª oportunidade (xaneiro), non poderán acadar unha nota final na materia maior de 6 puntos (Aprobado) na 2ª oportunidade de xullo.

#### Proba oral voluntaria

Na primeira oportunidade, os alumnos que acadasen por avaliación continua, antes do exame da convocatoria de xaneiro, unha puntuación acumulada de 5 puntos, poderán optar a sumar dous puntos máis pola presentación oral dun traballo.

#### Avaliación adiantada

No caso de que ao alumno se lle conceda unha oportunidade de "avaliación adiantada", e soamente neste caso, realizarase unha proba oral e/ou escrita encamiñada a avaliar todas as competencias e contidos propios da materia.

#### Alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia:

Agás para as datas aprobadas na Xunta de Facultade no que compete á proba obxectiva, para as restantes probas acordarase ao inicio do curso un calendario específico de datas compatible coa súa dedicación, motivo polo cal dito alumnado deberá poñerse en contacto co profesor da materia nos primeiros dez días do cuadrimestre en que a materia se imparte, coa finalidade de fixar o devandito calendario. As probas terán o mesmo formato que para os alumnos con dedicación a tempo completo.



## Fontes de información

|                                    |   |
|------------------------------------|---|
| <b>Bibliografía básica</b>         | <ul style="list-style-type: none"><li>- GONZÁLEZ PASCUAL, J. (2008). Análisis de la empresa a través de su información económico-financiera : aplicaciones prácticas. . Madrid: Pirámide</li><li>- Muñoz Merchante, Ángel (2009). Análisis de estados financieros : ejercicios y test . Madrid : Ediciones Académicas</li><li>- GONZÁLEZ PASCUAL, J. (2008). Análisis de la empresa a través de su información económico-financiera. Fundamentos teóricos y aplicaciones. . Madrid. Pirámide</li><li>- Muñoz Merchante, Ángel (2009). Análisis de estados financieros : teoría y práctica . Madrid : Ediciones Académicas</li><li>- ESTEO SÁNCHEZ, F. (2003). Análisis de estados financieros. Planificación y control. Madrid. CEF</li></ul> |
| <b>Bibliografía complementaria</b> |   |

## Recomendacións

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Contabilidade Financeira I/650G01013  
Análise das Operacións Financeiras/650G01014  
Contabilidade de Custos/650G01023  
Dirección Financeira II/650G01025  
Contabilidade de Sociedades/650G01030

### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Contabilidade de grupos de Empresas/650G01032  
Sistemas de Información para a Xestión Financeira da Empresa/650G01034  
Aplicacións Informáticas para a Empresa/650G01035

### Materias que continúan o temario

Contabilidade de grupos de Empresas/650G01032  
Introdución á Auditoría/650G01033

### Observacións

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías